

Isto non vai da luz

Ou non só.

Vai de responsabilidade compartida.

De facer as cousas doutro xeito.

De pór as persoas no centro.

Vai de valores.

De xustiza climática.

De cooperación, sostibilidade e cambio real.

Vai de revolución.

E a luz é só o principio para acadalo.

Non vai só de prender interruptores ou pagar facturas.

Vai de sacudir un sistema inxusto e construír un novo.

Estamos aquí para demostrar que outro modelo enerxético é posíbel:
ético, sostíbel e colectivo.

Somos unha cooperativa. Somos comunidade.

Producimos enerxía renovábel, impulsamos o autoconsumo e
compartimos coñecemento.

Porque apoderar as persoas é prender o cambio.

Non queremos medrar a calquera prezo.

Cada recurso, cada acción, cada decisión: todo suma para transformar.

Reinvestimos para xerar impacto social e ambiental.

Defendemos a xustiza climática, a responsabilidade colectiva
e a vida digna para todo o mundo.

Aquí non hai clientas nin clientes: aquí hai persoas con voz e voto.

Unha comunidade activa que participa, decide e transforma.

Construímos redes xuntas, tecemos alianzas e abrimos camiño.

Porque isto non vai (só) da luz.

